

**Adecuación da programación didáctica á Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.**

## **PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.**

### **e) Concrecións metodolóxicas para ESO:**

A carga horaria para o período comprendido entre o 6 e o 22 de xuño é o seguinte:

2º ESO	3º ESO	4ª ESO
4-5 sesións	4-5 sesións	5-6 sesións

- **Reforzo ao alumnado con parte da materia non superada.**
  - Revisión de exercicios, elaboración de actividades de reforzo e afianzamento dos contidos non superados en función do informe individualizado do alumno/a.
- **Alumnado coa materia superada.**

En función do número de alumnado coa materia superada realizaranse algunhas das seguintes actividades:

  - Actividades de ampliación sobre contidos do currículo non tratados durante o curso.
  - Visionado de documentais e producións audiovisuais sobre os contidos da materia.
  - Repaso das obras instrumentais traballadas.
  - Ampliación de novas obras de interpretación instrumental, percusión corporal ou danza.
  - Ensaio e preparación para un concerto de despedida (4º ESO).

### **g) Criterios sobre a avaliación e cualificación para ESO:**

- **Procedemento para acadar a nota da 3ª avaliación parcial**  
[Os criterios de cualificación](#) serán os mesmos que nas outras avaliacións parciais.
- **Procedemento para a recuperación das partes da materia non superada.**
  - En función do informe individualizado do alumnado, deberán recuperar a parte que teñan suspensa (teórica ou práctica de unha ou varias avaliacións) mediante a realización de actividades de reforzo e recuperación e mediante proba escrita e/ou práctica similar ás desvoltas durante o curso.
- **Procedemento para acadar a nota final .**
  - **Alumnado con materia superada.**
    - A nota final será o resultado da media ponderada das tres avaliacións parciais.
    - As actividades realizadas entre o 6 e o 22 de xuño serán avaliadas mediante rúbrica que recolla se o logro foi realizado/acadado ou non realizado/non acadado. O resultado desa avaliación (0-10 puntos positivos ou negativos) será multiplicado por 0,05 e engadido á nota final.
  - **Alumnado con materia non superada.**
    - Será necesaria unha nota igual ou superior a 5 na proba específica de recuperación.
    - Se a proba é referida a unha parte dunha avaliación (práctica ou teórica), substituirase a nota desa parte pola da recuperación e calcularase a nota final.
    - Se a proba é referida a unha avaliación completa substituirase a nota da avaliación e procederase ao cálculo da media ponderada.
    - Se a proba é referida a unha parte da materia completa (práctica ou teórica) farase o cálculo da media ponderada de cada parte por separado
    - Se a proba é referida á materia na súa totalidade considerarase a materia aprobada suficientemente independentemente da nota da proba.